

REGANOSA ABRE O PRAZO PARA PARTICIPAR NO XVI CERTAME DE ARTE XOVE

- Ten por obxectivo contribuír á difusión e promoción da arte creada en Galicia polos seus artistas emerxentes
- Editarase unha serie limitada de 150 exemplares da obra premiada

Mugardos, 11 de xullo de 2016.- Reganosa convoca o seu XVI Certame de Arte Xove, ao que poden concorrer pintores nados ou residentes en Galicia de ata 35 anos de idade. Trátase dunha iniciativa para promover a novos valores artísticos na que o gañador do concurso verá publicada a súa obra nunha edición limitada, e parte dos traballos seleccionados comporarán unha exposición colectiva que se mostrará en Santiago de Compostela.

O Certame de Arte Xove Reganosa forma parte do programa de mecenado cultural da compañía que, ademais, inclúe a construción do Centro de Interpretación de Caldoval, dedicado a mostrar como era a práctica do deporte na Gallaecia romana.

Ata o 30 de setembro permanecerá aberto o prazo de presentación de orixinais para a XVI edición do Certame Arte Xove Reganosa. Nado no ano 2000, a compañía busca con esta iniciativa contribuír á difusión e promoción da arte creada en Galicia polos artistas máis novos. O apoio ás novas xeracións de pintores é apostar polo futuro, por novas linguaxes e por visións frescas do mundo actual, que formarán parte do patrimonio cultural do noso tempo. O premio pretende axudar aos artistas emerxentes no principio das súas carreiras. Por iso é polo que o concurso está reservado para persoas nadas ou residentes en Galicia e menores de 35 anos.

O premio está dotado con 2 000 euros e inclúe a edición dunha serie limitada de 150 exemplares numerados e asinados polo artista para a súa distribución. Reganosa destinará outra partida económica á adquisición dalgunhas das obras finalistas, que pasarán a formar parte da súa colección de arte.

Cada participante deberá presentar unha única obra, orixinal e inédita, cunha temática relacionada co mar e a súa cultura. O certame está aberto a diferentes disciplinas - pintura, collage e fotografía- pero todas as obras deberán ser susceptibles de reproducirse en serie limitada, dadas as características do premio.

O fallo darase a coñecer o día 6 de outubro e as obras premiadas serán obxecto dunha exposición que poderá visitarse durante todo o mes na Galería Metro, de Santiago de Compostela.

Colección de Arte Reganosa

Reganosa leva dezaseis anos seleccionando e editando arte galega, e grazas a esta iniciativa a compañía gasista foi conformando unha colección na que figuran

destacados artistas como Jorge Cabezas, Peteiro ou Antón Pulido, e novos valores que xa contan con proxección internacional como Sheila Pazos, Marc Quintana, Rosendo Cid ou David Catá.

A iniciativa forma parte da política de responsabilidade social corporativa da empresa, que inclúe outras accións de mecenado cultural, como o impulso do Centro de Interpretación de Caldoval (Mugardos), espazo único en Galicia para coñecer o deporte e a saúde na Gallaecia romana. Tamén destaca o patrocinio social, como a colaboración coas Aulas de Simulación do Sergas en Ferrol, e deportivo, co apoio ao Rácing Club de Ferrol, o Galicia de Mugardos e o Club de Mar de Mugardos.

As bases completas pódense consultar en www.reganosa.com.

PÉ DE FOTO: Horizontes, de David Catá (Viveiro, 1988), obra gañadora da XV edición do Certame de Arte Xove Reganosa.